



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BOS AIRES, ARXENTINA, PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN BOS AIRES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que Con data 18 de maio de 2020, a Secretaría Xeral da Emigración asinou un convenio de colaboración co Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires, Arxentina.

Na cláusula primeira do mencionado convenio sinálase o seu obxecto, que é o de establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír á prestación de asistencia aos cidadáns galegos, que por razóns de idade, estado físico e situación de carencia, residan no Hogar Gallego para Ancianos.

Na cláusula terceira do convenio establécese unha achega económica da Secretaría Xeral da Emigración por un importe global de vinte mil euros (20.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

O Hogar Gallego para Ancianos de Bos Aires é unha entidade benéfica sen ánimo de lucro fundada en 1943, que ten como finalidade proporcionar albergue digno ás persoas que pola súa idade ou condicións fisiolóxicas non poden facerlle fronte á vida, e agrupa actualmente a cerca de cincocentos socios, dos que máis de catrocentos son emigrantes galegos e descendentes. Conta cunha residencia de anciáns, sita en Domselar, que ten unha capacidade para cen residentes, na que actualmente máis da metade son persoas emigrantes ou descendentes procedentes de Galicia, brindándolle vivenda permanente e asistencia integral que inclúe a estancia, a alimentación, o control da saúde e a asistencia social. A día de hoxe, esta institución está a desenvolver unha destacada e insubstituíble labor socio asistencial coa que trata de facer efectiva a mellora da calidade de vida dos anciáns pertencentes á colectividade galega emigrante.

Na actualidade a institución alberga a 40 anciáns galegos, cun promedio de idade de 85 anos. O progresivo avellentamento da colonia galega residente en Arxentina orixina, por unha banda, máis solicitudes de internamento de persoas con maior idade mes a mes e por outra, o maior custo na atención e nos medicamentos que se han de proporcionar. (Cabe sinalar que na actualidade, segundo os últimos datos do INE publicados, residen na República Arxentina máis de 164.500 cidadáns galegos).





Ademais a pandemia motivada pola Covid-19, do mesmo xeito que noutros países, obrigou ás autoridades sanitarias da República Arxentina a establecer protocolos especiais de actuación nas residencias de maiores, que implicaron a reordenación da distribución dos residentes, a creación dunha área de illamento, o uso de equipos especiais, medidas de hixiene, etc, cuxa implantación supuxo un gasto moi importante para a entidade que lle afecta á súa estabilidade económica.

As circunstancias indicadas, e sobre todo o custo das medidas implantadas con motivo da Covid-19, están a crear graves dificultades na financiación prevista na institución para o presente ano, polo que co fin de manter a atención das persoas acollidas é preciso incrementar o importe da achega da Secretaría Xeral da Emigración en 20.000,00 €.

E por outro lado co fin de dar cumprimento ao previsto no convenio, tendo en conta o contido desta addenda resulta igualmente necesario modificar os prazos de xustificación e de vixencia do convenio contemplados inicialmente.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

